

Resolución da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos resultante do período de actualización, convocado por resolución do 29 de setembro de 2025 (DOG do 30 de setembro de 2025), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 29 de setembro de 2025 (DOG 30 de setembro de 2025) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 29 de setembro de 2025 (DOG 30 de setembro de 2025).

Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 29 de setembro de 2025 (DOG 30 de setembro de 2025) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Terceiro.-Emendas.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3, os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante a Xerencia de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As resolucións da Xerencia serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderanse implícitas na resolución da Xerencia pola que se aproben e se fagan públicas as



listaxes definitivas de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as. De non haber reclamacións ou emendas, as listas previas de admitidos/as e excluídos/as enténdese aprobadas definitivamente.

As emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as poderán ser presentadas:

-nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:00 h e os venres de 09:00h a 14:00h

-de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

- Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía correo electrónico a seleccion@epseaga.com a acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)

- Electrónicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA). Indicar que os documentos aportados por este medio deberán contar co correspondente código de verificación electrónica. No caso de que a documentación que se presente sexa un documento orixinal en papel ou que carece de sinatura electrónica e/ou validación electrónica, deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia a efectos de acreditar que é copia electrónica auténtica do documento.



Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada por SEAGA e a cotexada polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración Pública:

- a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.
- b) Os Organismos Autónomos, as Entidades Públicas Empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 16 de xaneiro de 2026 (inclusive).

O Presidente da Comisión de Selección.

Asdo.- Pablo Arbones Maciñeira..

